

O Consello Social da UDC reconece o labor de firmas e grupos de investigación

REDACCIÓN > FERROL

■ Coa finalidade de recoñecer o esforzo de empresas e grupos de investigación do contorno da Universidade da Coruña que durante o ano 2010 contribuíran á consecución de obxectivos clave en materia de I+D+i, o Consello Social da UDC convoca a primeira edición dos premios Impulso UDC e Confianza UDC. O presidente do devandito organismo, Antonio Abril, que onte presentou a convocatoria aberta á comunidade universitaria, ás empresas e ó resto dos axentes sociais, salientou que “é hora de establecer canles de relación entre as universidades e as empresas”.

Temos a necesidade de aumentar a confianza do tecido produtivo na UDC para que mellore a interacción e a creación de riqueza. Para Abril, os premios, aínda que “modestos”, serven para transmitir unha imaxe de prestixio das re-

lacións entre a institución académica herculina e a sociedade.

Os premios reconecerán publicamente o labor dos grupos de investigación da Universidade que destacaran pola súa aposta pola internacionalización, a efectiva transparencia dos resultados da investigación ao tecido social e pola súa capacidade para captar fondos procedentes de fontes de financiamento alleas á UDC.

Por outra parte, a través dos premios Confianza, o Consello Social outorgará recoñecemento público ás empresas que apostaron pola colaboración coa UDC no desenvolvemento de proxectos e iniciativas innovadoras nos eidos da I+D+i, docencia e extensión universitaria.

Pódese consultar toda a información relativa á convocatoria na páxina web <http://premiosconsellosocial.udc.es>.